

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O VINTE E OITO DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

En Paradela, a vinte e oito de marzo de 2019

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas, réunese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. DIEGO LÓPEZ CALDAS
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Non asiste D<sup>a</sup> ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ xustificando a súa ausencia.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O PASADO TRINTA E UN DE XANEIRO DE 2019.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar ao borrador da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 31 de xaneiro de 2019; das que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 31 de xaneiro de 2019. O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos oito Concelleiros que asisten á sesión (seis do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo nove o seu número legal de membros.

**2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario. (Dende o 2019-0007 ao 2019-0057).

O Pleno dase por enterado.

**3º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 4/2019, PRIMEIRA BAIXO A MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO.**

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

*En relación co expediente relativo á aprobación de modificación de créditos núm. 4/2019 do orzamento en vigor, primeiro na modalidade de crédito extraordinario, vistos*

os informes de Secretaría-Intervención emitidos en data 18 de marzo de 2019.

Ao abeiro da Memoria que forma parte do expediente na que se fai constar o seguinte:

*Primeiro.- Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, celebrada o día 22 de febreiro de 2019, acordou a adquisición directa da parcela con referencia catastral 7361003PH1376S0001AS na Rúa Galicia nº 4 por importe de 4.500,00 € no que se empregou o crédito existente na bolsa de vinculación da partida 153.600 tal e como consta no informe de intervención.*

*Segundo.- A necesidade de adquirir un cortacésped destinado fundamentalmente ao coidado do campo de fútbol O Gandarón por importe de 17.968,50 euros.*

*Terceiro.- Visto o Decreto de Alcaldía nº 2018-0015 de 1 de febreiro de 2019 polo que se adxudicou o contrato menor do subministro e instalación de tanque de gas na Residencia e Centro de Día de Paradela por importe de 5.396,60 € de acordo co informe de necesidade de contratación que consta no referido expediente e no que se empregou o crédito existente na bolsa de vinculación da partida 459.623 tal e como consta no informe de intervención.*

O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno da Corporación:

**PRIMEIRO.-** Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 4/2019 do orzamento en vigor, primeiro baixo a modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, por un importe total de 27.865,10 €.

Os importes aplicados aos diferentes destinos, con base no informe de Intervención, son:

Altas en aplicacións de gastos:

<b>Partida</b>		<b>Descrición</b>	<b>Importe Euros</b>
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
153	600	Servizos públicos básicos. Vivenda e urbanismo. Vías públicas. Inversións reais. Inversión nova en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Inversións en terreos	4.500,00
342	623	Producións de bens de carácter preferente. Deporte. Instalacións deportivas. Inversións reais. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe.	17.968,50
459	623	Actuacións de carácter económico. Outras infraestruturas. Inversións reais. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe.	5.396,60

Financiación

<b>Concepto</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe Euros</b>
870.00	Remanente de tesouraría para gastos xerais	27.865,10

**SEGUNDO.-** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín

Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**TERCEIRO.-** O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Paradela, na data da sinatura electrónica á marxe O Alcalde-Presidente José Manuel Mato Díaz”.

Procédese á votación da proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos oito Concellerios que asisten á sesión (seis do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo nove o seu número legal de membros.

#### **4º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 5/2019, PRIMEIRA BAIXO A MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA A APLICACIÓN DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO PARA INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SOSTIBLES.**

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

En relación co expediente relativo á aprobación de modificación de créditos núm. 5/2019 do orzamento en vigor, primeiro na modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario para investimentos financeiramente sostibles, vistos os informes de Secretaría-Intervención emitidos en data 18 de marzo de 2019.

Ao abeiro da Memoria que forma parte do expediente na que se fai constar o seguinte:

*Segundo a Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, introducida pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, habilita ás Corporacións Locais para aplicar o superávit orzamentario xerado no exercicio anterior, e dado que o Concello dispón de remanente líquido de Tesouraría, faise precisa a modificación de créditos núm. 5/2019 do orzamento municipal en vigor, de acordo ca seguinte xustificación:*

##### **1º- Obras de pavimentación do núcleo de Guián (terminación), aportación municipal por importe de 7.185,19 euros.**

*A citada obra financiase parte con cargo ás baixas producidas no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 por importe de 13.983,76; visto que a adxudicación da obra ascendeu a 21.168,95 euros, resulta necesario dotar crédito por 7.185,19 euros. No momento de adxudicación a financiación da aportación municipal realizouse con crédito existente na partida orzamentaria, pero resulta necesario ese crédito para a realización doutras actuacións.*

*A obra que se pretenden realizar ten unha vida útil superior aos cinco anos e non supón unha inestabilidade orzamentaria en exercicios futuros, xa que o mantemento xa se está a facer e coas obras de mellora evitarase as continuas pequenas reparacións que se están a facer.*

*Dase cumprimento á obrigatoriedade de prestar o servizo de acceso aos núcleos de poboación (artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local). A mellora nesta vía pública municipal non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria xa que non será necesario un desembolso económico*

importante nos próximos anos para o seu mantemento.

**2º.- Obras de acondicionamento e rexeneración do pavimento de Parrocha a O Sacadoiro e de estrada LU-P-4204 a O Sacadoiro, aportación municipal por importe de 12.225,78 € euros.**

No orzamento 2019 aprobado, no anexo de Inversións incluíase a obra “Acondicionamento e rexeneración do pavimento de Parrocha a O Sacadoiro” financiada con cargo a recursos propios, por importe de 61.935,21 €.

Vista a Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) do 28 de decembro de 2018 para a concesión directa das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020 pola que se concede a axuda por importe de 58.218,00; 29.109,00 € correspondentes á anualidade 2019 e 29.109,00 € correspondentes á anualidade 2020, onde o imposto sobre o valor engadido non é subvencionable (IVE), polo que lle corresponde ao Concello a aportación do mesmo, polo que o 21% de 58.218,00 €, son 12.225,78 €; o Concello visto que o proxecto se adaptaba perfectamente a esta liña de axudas propuxo como actuación a levar a cabo con cargo ao Plan referido, o proxecto citado e unha ampliación co ramal que discorre da estrada LU-P-4204 a O Sacadoiro.

A obra prevista inicialmente no Orzamento é substituída pola obra Pavimentación de accesos en Paredes de Arriba financiada con cargo a recursos propios, por importe de 66.500,00 euros.

Visto o anterior resulta necesario dotar crédito por importe de 12.225,78 € euros.

Con esta actuación dase cumprimento á obrigatoriedade de prestar o servizo de acceso aos núcleos de poboación (artigo 26.1 a) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local). O acondicionamento e rexeneración das vías públicas municipais non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria xa que ditas vías xa existen e non será necesario un desembolso económico importante nos próximos anos para o seu mantemento.

**3º. Obras de acondicionamento e mellora de accesos a Cabo de Vila-Santa Marta e A Adega por importe de 30.237,90 euros.**

As obras que se pretenden realizar teñen unha vida útil superior aos cinco anos e non supoñen unha inestabilidade orzamentaria en exercicios futuros, xa que o mantemento xa se está a facer e coas obras de mellora evítanse as continuas pequenas reparacións que se están a facer.

Dase cumprimento á obrigatoriedade de prestar o servizo de acceso aos núcleos de poboación (artigo 26.1 a) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local) A mellora nestas vías públicas municipais non repercutirá negativamente na estabilidade orzamentaria xa que ditas vías xa existen e non será necesario un desembolso económico importante nos próximos anos para o seu mantemento.

O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno da Corporación:

**PRIMEIRO.-** Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 5/2019 do orzamento en vigor, primeiro baixo a modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario para investimentos financeiramente sostibles, financiado con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, por un importe total de 49.648,47 €.

Os importes aplicados aos diferentes destinos, con base no informe de Intervención, son:

Altas en aplicacións de gastos:

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
453	619	Actuacións carácter económico. Infraestruturas. Estradas. Inversións reais reposición infraestruturas e bens destinados uso xeral. Obras de pavimentación do núcleo de Guián (terminación) Obras de acondicionamento e rexeneración do pavimento de Parrocha a O Sacadoiro e de estrada LU-P-4204 a O Sacadoiro	7.185,19 12.225,78
454	619	Actuacións carácter económico. Infraestruturas. Camiños. Inversións reais reposición infraestruturas e bens destinados uso xeral. Acondicionamento e mellora de accesos a Cabo de Vila-Santa Marta e A Adegas	30.237,90
<b>TOTAL GASTOS</b>			<b>49.648,87</b>

#### Financiación

Concepto	Descrición	Importe Euros
870.00	Remanente de tesouraría para gastos xerais	49.648,47

**SEGUNDO.-** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**TERCEIRO.-** O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Paradela, na data da sinatura electrónica á marxe O Alcalde-Presidente José Manuel Mato Díaz”.

Procédese á votación da proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos oito Concellerios que asisten á sesión (seis do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo nove o seu número legal de membros.

#### 5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas nen rogos por escrito, se ben dase a posibilidade de formulalos neste intre.

Dona Sonsoles López, Voceira do Grupo Municipal Socialista realiza un rogo, polo que da traslado da petición dun veciño de A Adegas para que se acondicione o camiño de acceso ao citado pobo.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte minutos do vinte e oito de marzo de dous mil dezanove, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

Vº e praxe



**Concello de  
Paradela**

**O Alcalde  
José Manuel Mato Díaz**

**O Secretario-Interventor  
José López González**